



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS, CONCESION CAFÉ BAR DA CASA DA CULTURA DE BEMBIBRE (VAL DO DUBRA).

As ofertas presentaranse no rexistro xeral do Concello de Val do dubra **en horario de atención ao público ata o día 15/04/2018** polos interesados en xeral e polos invitados a participar no procedemento de contratación.

Obxecto do contrato:

O obxecto do contrato será a prestación concesión de uso para a explotación polo adxudicatario do café-bar situado no edificio da Casa de Cultura polo periodo dun ano.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de xestión de servizos públicos mediante concesión, tal e como establece o RDLex 3/2011 do 14 de novembro, Texto refundido da lei de contratos do sector público no seu artigo 8.

Prezo de adxudicación:

En canto ao prezo de adxudicación, o cánon mínimo anual a ofertar será de 1.000,00 €

Documentación a presentar:

Os licitadores interesados na contratación deberán presentar dous sobres denominados A e B e que conterán a seguinte documentación:

SOBRE "A"

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA: CAFÉ- BAR CASA CULTURA

Conterá a seguinte documentación: Declaración responsable de posuir toda a documentación administrativa requirida para contratar coa administración. O licitador que resulte adxudicatario deberá presentar, con anterioridade á sinatura do contrato a totalidade da documentación que se relaciona máis abaixo.

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Don/Dona, con domicilio para efecto de notificacións na rúa, núm...., con DNI, en representación da empresa, con CIF....., para efectos da súa participación na licitación DE XESTIÓN DE SERVIZOS MEDIANTE A CONCESIÓN DO CAFÉ-BAR DA CASA DE CULTURA promovida polo Concello de Val do Dubra,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1.- Que se dispón a participar na licitación DE XESTIÓN DE SERVIZOS MEDIANTE A CONCESIÓN DO -CAFÉ-BAR DA CASA DE CULTURA.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

2.- Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do texto refundido da Lei de contratos do sector público para ser adxudicatario do contrato, en concreto:

- Que dispón de personalidade xurídica e, de ser o caso, representación.
- Que a empresa dispón dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso/-a nunha prohibición para contratar previstas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público e está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitador (no caso de empresas estranxeiras).
- Que o enderezo de correo electrónico (de ser o caso) en que se deben efectuar as notificacións é o seguinte:

Terceiro.- Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que se lle requira para estes efectos.

E para que así conste, asino esta declaración

Val do Dubra, ade.....de 2018

Sinatura do declarante

SOBRE "B"

PROPOSICIÓN ECONÓMICA: CAFÉ- BAR DA CASA DE CULTURA

a) Proposición económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

"D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, decatado do expediente para a contratación do servizo de _____ por contrato menor, fago constar que coñezo as condicións que serven de base ao contrato e o acepto integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato aboando un canon anual de _____ euros.

En Val do Dubra, a ___ de _____ de 2018.-

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Aquel licitador que resulte adxudicatario, antes da sinatura do contrato, deberá presentar a seguinte documentación:



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

- a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.
- b) Documentos que acrediten a representación.
- Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado polo Secretario da Corporación.
 - Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.
 - Igualmente a persoa con poder bastantado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do RDLex 3/2011 de 14 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor váiase a efectuar esta.

d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Acreditarase cada unha delas por calquera dos medios previstos nos artigos 74 e ss do RDLex 2/2011 de 14 de novembro.

e) Compromiso de presentación, unha vez realizada a adxudicación definitiva dunha póliza de seguro de responsabilidade civil para responder dos danos que se ocasionen pola empresa adxudicataria na execución do contrato.

Presentarase unha declaración xurada de que a empresa subscribirá un seguro de responsabilidade civil para responder de tódolos danos materiais e persoais que se ocasionen como consecuencia do cumprimento do contrato. No caso de resultar adxudicataria a empresa deberá presentar proposta da póliza do seguro na Secretaría da Corporación no prazo de catro días a contar dende o día seguinte ó da notificación da adxudicación e a póliza no prazo de un mes. Se a Administración considera que a dita póliza non cobre suficientemente as responsabilidades que se derivan do contrato solicitará do contratista que a modifique ou amplie no prazo de oito días advertíndolle que, en caso contrario, producirase a resolución do contrato.

f) Acreditación de estar dado de alta no IAE no epígrafe correspondente.

Lugar e prazo de presentación de ofertas:

As ofertas presentaranse no rexistro xeral do Concello de Val do dubra **en horario de atención ao público ata o día 15/04/2018** polos interesados en xeral e polos invitados a participar no procedemento de contratación.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das condicións da licitación.

Criterios de adxudicación:

Mellora económica do prezo de licitación: aplicarase mediante a seguinte fórmula:

$$PO = \frac{MO}{OC} \times P, \text{ donde:}$$

PO = puntos outorgados á oferta que se avalía.

MO = mellor oferta

OC = oferta a clasificar

P = puntuación máxima asignable (10 puntos).
ata 20 puntos

Obrigas do adxudicatario:

O contratista será responsable da prestación e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das incorreccións na execución do contrato.

Ademais son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para elo (artigo 64.2 do RDLex 3/2011 de 14 de novembro de Contratos do Sector Público).

- O contratista está obrigado a levar a cabo a limpeza do café-bar e todas as dependencias que se atopan na planta do edificio na que se atopa así como as escaleiras de acceso ata a primeira planta.

- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do RDLex 3/2011 de 14 de novembro, de Contratos do Sector Público para os supostos de subcontratación e a suscribir unha póliza de responsabilidade civil.

- O horario de apertura do café-bar da Casa de Cultura será de 7:30 a 24:00 horas, estando o contratista obrigado ao cumprimento do mesmo e á apertura e peche da Casa da Cultura.

- O servizo prestarase coa continuidade convida. Así mesmo o contratista coidará da boa orde do servizo sen prexuízo dos poderes de policía atribuídos á Administración.

O adxudicatario adquire os dereitos e obrigas como patrono respecto do persoal que empregue para a realización dos servizos contratados, quedando o Concello libre de toda responsabilidade.

Serán a conta do adxudicatario as obrigas do pagamento das cotas da Seguridade Social do seu persoal.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Serán por conta do adxudicatario toda clase de impostos que se devenguen pola realización do obxecto do contrato, honorarios e taxas xudiciais de toda orde que este Concello se vira obrigado a utilizar para o cumprimento do contrato.

Demora e penalidades:

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 100 EUROS.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

- Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para elo, impoñeranse penalidades proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

Resolución do contrato:

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 do RDLex 3/2011 de 14 de novembro, de Contratos do Sector Público; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

O contrato ten carácter administrativo e rexerase polo establecido no RDLex 3/2011 de 14 de novembro, de Contratos do Sector Público e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao RDLex 3/2011; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

conformidade co disposto no artigo 21.1 do RDlex 3/2011 de 14 de novembro, de Contratos do Sector Público”.

Val do Dubra, a 27 de marzo de 2018.

O Alcalde

Antonio Negreira Noya.